



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Reeducación funcional das afeccións podolóxicas		Código	750G02037
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Souto Gestal, Antonio	Correo electrónico	antonio.souto@udc.es	
Profesorado	Souto Gestal, Antonio	Correo electrónico	antonio.souto@udc.es	
Web	<a href="https://campusvirtual.udc.gal/">https://campusvirtual.udc.gal/</a>			
Descripción xeral	Esta materia ten como obxectivo dar a coñecer aos estudiantes de podoloxía un protocolo de carácter interdisciplinar para a valoración do complexo articular do nocello e pé, así como as súas implicacións globais no resto de segmentos corporais, utilizando para iso a exploración física e o razonamento clínico seguidos no proceso de fisioterapia. A partir de biomecánica clínica, expóñense protocolos de valoración neuro-ortopedica e funcional a partir dos cales implementar estratexias terapéuticas baseadas na cinesiterapia nas súas distintas modalidades e a reeducación sensorio-perceptivo-motora.			



Plan de continxencia	<p>Ante a presenza dun ou varios estudiantes en situación de illamento preventivo ou por resultado positivo illados por positivo confinado facilitarase conexión telemática á sesión expositiva e seminarios interactivos por Teams, mentres que as prácticas e as avaliacóns serán pospostas ata a súa incorporación.</p> <p>Se o illamento afecta a un grupo de estudiantes ao completo (grupo de prácticas) podrá valorarse, se é factible, o intercambio na programación con outro dos grupos de prácticas en aras de optimizar o cronograma da materia.</p> <p>No caso de virtualización da docencia por peche das actividades presenciais por motivo de forza maior, plantexase:</p> <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se contemplan modificacións nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Manteranse as seguintes metodoloxías docentes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Docencia expositiva (sesión maxistral) en formato virtual a través de plataformas institucionais.</li><li>- Estudo de casos, para o cal se reforzará o soporte e titorización telemática</li><li>- Lecturas</li></ul> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Deberán modificarse as seguintes metodoloxías docentes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Proba mixta: levarase a cabo de forma telemática, facendo uso das plataformas institucionais.</li><li>- Actividades iniciais: realizaranse a través de seminarios de debate en grupo reducido a través das plataformas institucionais</li><li>- Discusión dirixida. Realizaranse a través de seminarios de debate en grupo reducido a través das plataformas institucionais. Fomentarase a participación en foros de debate temáticos creados ao efecto, así como a través da realización de actividades/dinámicas de autoavaliación (facendo uso de recursos socráticos como Kahoot).</li></ul> <p>Decaerán as seguintes metodoloxías:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Prácticas de laboratorio. De non poder realizarse por causa da situación sanitaria, os contidos serán abordados/compensados telemáticamente a través do uso de material audiovisual de apoio.</li></ul> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</li><li>- Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Crearanse foros temáticos asociados aos módulos da materia, onde formular as consultas necesarias, así como ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se poñerá en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.</li><li>- MS Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o a revisión dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade.</li></ul>
----------------------	--



De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ata 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballo tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.

#### 4. Modificacións na avaliación

Non se propón modificación, salvo a porcentaxe asignada a avaliación continuada das sesión prácticas, que pasaría a computar na avaliación continuada xeral do conxunto de actividades telemáticas da materia (elevándose por tanto ata o 20%). A proba mixta representará igualmente un 40% ao igual que o traballo de estudo de casos (40%).

\*Observacións de avaliación:

Mantenense os mesmos requisitos para superar a materia agás o requisito de asistencia a un mínimo do 70% das sesións prácticas, que será esixible para o conxunto de sesións telemáticas que se desenvolvan.

#### 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se contemplan modificacións.



Competencias do título	
Código	Competencias do título
A4	Coñecer o concepto anatómico e funcional da enfermidade e a clasificación das enfermidades. Describir a patoloxía dos diferentes órganos, aparatos e sistemas. Semiología médica. Dermatología. Reumatología. Traumatología. Neurología. Endocrinología. Procesos vasculares patológicos. Patologías sistémicas con repercusión no pé.
A11	Coñecer os fundamentos da biomecánica e a cinesiología. Teorías de apoio. A marcha humana. Alteracións estruturais do pé. Alteracións posturais do aparato locomotor con repercusión no pé e viceversa. Instrumentos de análise biomecánico.
A23	Coñecer e aplicar os métodos físicos, eléctricos e manuais na terapéutica das distintas patologías do pé. Vendaxes funcionais. Terapia da dor e inflamación no pé.
A39	Desenvolver as técnicas de exploración física.
A45	Desenvolver a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.
A48	Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais.
A49	Establecer intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.
A50	Prescribir, administrar e aplicar tratamentos farmacológicos, ortopodológicos, físicos e quirúrgicos.
A54	Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.
A55	Garantir a calidade asistencial na práctica da podología.
A60	Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno.
A62	Adquirir habilidades de traballo en equipo como unidade na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal relacionados coa prevención, evaluación diagnóstica e tratamiento podológico.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B13	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Ser capaz de aplicar as técnicas de exploración clínica do aparato locomotor en decúbito, bipedestación estática e dinámica para o diagnóstico das afeccións podológicas		A11	
Ser capaz de aplicar o protocolo de exploración analítica do complexo articular nocollo-pé, así como de identificar a súa posible relación cos segmentos corporais supraxacentes (xeonlllo, coxofemoral, cinturón pélvico e raquis), integrando estes aspectos no tratamento das afeccións podológicas más frecuentes.		A4 A11 A39 A45 A49 A50 A54 A55 A60 A62	B1 B3 B4 B5 B7 B19



Ser capaz de identificalas técnicas empregadas na abordaxe fisioterápica das afeccións podolóxicas, sexan de natureza curativa ou paliativa.	A11 A39 A48 A49 A50 A62	B1 B2 B3 B5 B7 B13	C6
Coñecer o funcionamento e indicacións dos medios físicos empregados no tratamiento das afeccións podolóxicas, especialmente os derivados do uso do movemento como axente terapéutico.	A23 A45 A50 A55 A60 A62	B2 B12 B19	C6
Ser capaz de aplicar los medios físicos no tratamiento das afeccións podolóxicas más frecuentes	A23 A45 A50 A60	B2 B3 B19	C6
Coñecer os fundamentos terapéuticos do manexo do doente con dor	A11 A23 A45 A50 A60	B3 B12	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque Temático I.  Valoración funcional do pé e membro inferior.	Tema 0. Recordo anatómico-biomecánico do pé e as súas relacións cinéticas e cinemáticas co membro inferior.  Tema 1. Exploración funcional e neuro-ortopédica do membro inferior. Xeneralidades do proceso de valoración. Concepto de disfunción e adaptación biomécanica. O sistema nervioso como estrutura integradora. Heterometrías, cadeas disfuncionais ascendentes e descendentes.
Bloque Temático II.  Reeducación funcional e Fisioterapia nos procesos inflamatorios e degenerativos do pé. Modelo de tensión de tecidos e rexeneración de partes blandas.	Tema 2. O sistema fascial como fonte de dor e disfunción. Mecanotransducción celular.  Tema 3. Sistema nervioso e neuromecánica. O sistema nervioso como fonte de dor e disfunción. Avaliación e principios de tratamiento neurodinámicos.  Tema 4. Modelo de rexeneración de tecidos blandos baseado no estímulo mecánico controlado. Resposta inflamatoria, fases e implicacións clínicas. Escordadura de nocello, Implicacións locais e ascendentes. Inestabilidade crónica de nocello. Propiocepción e captores posturais.  Tema 5. Modelo de estrés de tecidos. Teoría rotacional e o sistema de windlass. Consideracións cinéticas e as súas implicacións clínicas. Relacións ascendentes e descendentes.



Bloque Temático III. Avaliación e intervención funcional nas principais afeccións podolóxicas. Dor, propriocepción e control motor.	Tema 6. Manifestacións de estrés tisular no sistema suro-aquileo-plantar. Tendinopatía aquilea. Implicacións locais e ascendentes.  Tema 7. Manifestacións de estrés tisular no sistema tibial: síndrome de estrés tibial medial, túnel tarsal e disfunción do tibial posterior. Implicacións locais e ascendentes.  Tema 8. Manifestacións de estrés tisular dos tecidos plantares. Implicacións locais e ascendentes.  Tema 9. Manifestacións de estrés tisular no antepé: metatarsalgias, síndrome de predislocación, fibrose perineural e disfuncións do primeiro radio. Implicacións locais e ascendentes.
Bloque Práctico I. Valoración funcional do pé. Exploración neuro-ortopédica do pé e membro inferior.	Práctica 1. Exploración da postura e dos captadores posturais.  Práctica 2. Exploración neurodinámica do membro inferior: test de provocación neural e avaliação dos potenciais puntos de conflicto mecánico do sistema nervioso periférico no membro inferior.  Práctica 3. Avaliación estática e dinámica da pelvis. Test ortopédicos e funcionais.  Práctica 4. Exploración da estática e dinámica da articulación coxofemoral. Alteracións torsionais e capacidade rotacional. Exploración do xeonillo.  Práctica 5. Exploración da mobilidade articular analítica do complexo nocello-pé.  Práctica 6. Valoración dinámica: marcha e test funcionais de control motor.
Bloque Práctico II. Reeducación funcional e Fisioterapia nas principais afeccións podolóxicas.	Práctica 7. Técnicas articulares do complexo nocello-pé.  Práctica 8. Estiramentos, técnicas miofasciais manuais e instrumentais.  Práctica 9. Estratexias para a mellora da propriocepción e control motor do membro inferior.  Práctica 10. Vendaxe funcional e proprioceptiva.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / trabalho autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A11 A23 A54 A55 A60 A62 B1 B3 C6	12	12	24
Prácticas de laboratorio	A23 A39 A45 A50 A54 A55 A60 B2 B4 B5 B13 B19	16	16	32
Discusión dirixida	A11 A23 A48 A49 A62 B1 B3 B7 C1	1	0	1
Estudo de casos	A50 A54 A55 A60 B2 B3 B12	12	36	48
Lecturas	A11 A49 A60 B1 B3 B12 C1	0	20	20



Proba mixta	A11 A23 A60 B3 B12 C1	2	18	20
Actividades iniciais	A60 B3 C1	2	0	2
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Realizarase a través das plataformas de teleformación.
Prácticas de laboratorio	Metodoloxía que permite que os estudiantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. Nesta materia os módulos prácticos centraránse por una parte na exploración estático-dinámica do complexo articular nocello-pe así como a súa relación coa valoración global dos segmentos corporais supraxacentes. Posteriormente experimentaránse algunas das técnicas terapéuticas que dan resposta ás posibles disfuncións que resulten do proceso de valoración, fundamentalmente a través da aplicación de axentes físicos baseados no movemento (vendaxe funcional e propioceptiva, exercicio terapéutico, técnicas manuais, etc.). Realizaranse de forma presencial.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os estudiantes discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, especialmente a resolución dun problema xeralmente de natureza patomecánica e que garda relación co ámbito clínico, exposto e coordinado polo moderador do debate, neste caso o profesor. Realizarase de forma presencial no marco das prácticas de laboratorio e de forma telemática no contexto da sesión maxistral e estudo de casos.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descripción dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de respuesta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Prácticas de laboratorio	Nas prácticas de laboratorio o profesor encargase persoalmente de revisar de forma individual a correcta execución da misma por parte do estudiante.
Discusión dirixida	
Estudo de casos	<p>Na discusión dirixida e no estudo de casos clínicos, o profesor é o encargado de moderalo debate e de propoñelas preguntas que o promovan, así como de que cada un dos estudiantes participe e se beneficie das ideas que todos aportan.</p> <p>Estímase un total de 4 horas para a atención personalizada en forma de titorías nas que poder resolver todo tipo de dúbidas, con especial atención á resolución dos casos clínicos.</p> <p>A atención personalizada levarase a cabo a través de medios preferentemente telemáticos (plataforma microsoft Teams, Moodle e correo electrónico), nos horarios establecidos e/ou previa solicitude por parte do/a estudiante.</p>

Avaliación				
Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación	
Prácticas de laboratorio	A23 A39 A45 A50 A54 A55 A60 B2 B4 B5 B13 B19	A valoración das prácticas de laboratorio fai referencia fundamentalmente á actitude e participación activa e con aproveitamento das mesmas, que se traduce na correcta execución e no grado de perfeccionamiento alcanzado nas técnicas ensinadas.	10	
Estudo de casos	A50 A54 A55 A60 B2 B3 B12	<p>Entrega en tempo e forma das resolucións de casos clínicos plantexados ao longo do curso, e que se solicitarán con antelación suficiente para a súa realización e con posibilidade de establecer grupos de discusión para un maior aproveitamento.</p> <p>Os casos clínicos asignaranse por parellas durante a primeira metade do cuatrimestre. Contarán cunha descripción básica do suposto clínico, así como unha descripción das probas de avaliación efectuada e os seus resultados. Os estudiantes deberán entregar unha memoria da resolución na que deberán:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1) replicar as probas, describir a súa execución práctica e os valores normativos.</li><li>2) ampliar con todas aquellas probas de exploración que estimen oportunas e relevantes para a resolución do caso.</li><li>3) proponer un programa de tratamiento funcional do caso e as disfuncións que o caracterizan</li><li>4) apoiar a resolución do caso con material preferentemente audiovisual (vídeos e ou fotografías), da realización das probas de exploración física e do tratamiento proposto.</li><li>5) ao final do curso, os estudiantes deberán presentar oralmente a resolución do caso diante de todos os compañeiros, promovendo un foro de debate.</li></ol> <p>A memoria será valorada sobre un máximo de 2 puntos (20% da calificación) e a presentación oral sobre un máximo de 1 punto (10% da calificación).</p>	40	
Proba mixta	A11 A23 A60 B3 B12 C1	A proba mixta consistirá nunha combinación de preguntas tipo test de resposta única e unha ou varias preguntas curtas acerca da valoración e/ou resolución dun caso clínico plantexado durante o curso.	40	
Sesión maxistral	A4 A11 A23 A54 A55 A60 A62 B1 B3 C6	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Valorarase fundamentalmente a asistencia e participación activa nas mesmas, a través da entrega puntual de pequenas probas de coñecemento de respuesta inmediata (metodoloxía socrativa) que facilitan a asimilación das ideas clave.	10	

Observacións avaliación



Para superar a materia será obligatorio:

1. A asistencia a un mínimo do 70% das sesións prácticas. A estos efectos, non se terán en conta as ausencias debidamente motivadas por cuestiós de saúde, especialmente ante a sospeita de viriasis compatible con infección por SARS-CoV-2.2. Únicamente se contempla a posibilidade dun 20% de faltas de asistencia a sesións prácticas sen aportalo correspondente xustificante 3. Obter unha calificación superior a 5 puntos sobre 10 na proba mixta. Esta proba terá, con carácter xeral, un tempo máximo de execución de 1 hora. Dado o carácter práctico e con orientación clínica da materia, non se contempla a posibilidade de dispensa académica que exima aos estudiantes a tempo parcial da asistencia ás clases prácticas. Non se contemplan metodoloxías de avaliación diferente para a segunda oportunidade, nin para aqueles estudiantes con matrícula parcial ou en segunda matrícula e posteriores, independentemente de que se conserve a calificación obtida na avaliación continuada do bloque práctico e interactivo así coma do estudo de casos. Asignarase a calificación de Non Presentado aos estudiantes que non se presenten á proba mixta, independentemente de que se conserve a calificación obtida na avaliación continuada do bloque práctico e interactivo así coma do estudo de casos. Os estudiantes que acadan unha calificación igual ou superiora 9.0/10 podrán optar á mención de Matrícula de Honra, acordo aos cupos establecidos no artigo 21 das "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario" de la UDC. A matrícula de honra será otorgada en todo caso ás calificacións globais más altas. PLAXIO: Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

#### Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Butler, David S. (2009). Movilización del sistema nervioso. Barcelona: Paidotribo</li><li>- Kirby, K. A. (2012). Biomecánica del pie y la extremidad inferior. Payson: Precisión Intracast</li><li>- Rueda-Sánchez, M. (2004). Podología: los desequilibrios del pie.. Barcelona: Paidotribo</li><li>- Zamorano Zárate, E. (2013). Movilización neuromeníngea : tratamiento de los trastornos mecanosensitivos del sistema nervioso. Madrid : Panamericana</li><li>- Neumann, Donald A. (2017). Kinesiology of the musculoskeletal system : foundations for rehabilitation. St. Louis : Elsevier</li><li>- Cleland, Joshua (2006). Netter, Exploración clínica en ortopedia : un enfoque para fisioterapeutas basado en la evidencia. Barcelona : Masson,</li><li>- Jon Parsons, Nicholas Marcer (2007). Osteopatía: modelos de diagnóstico, tratamiento y práctica.. Madrid : Elsevier,</li><li>- François Ricard ; Pedro Vicente Munuera Martínez, Ángel Oliva Pascual Vaca y Cleofás Rodríguez Blanc (2012). Medicina osteopática: miembro inferior. Alcalá de Henares: Escuela de Osteopatía de Madrid,</li><li>- Mulligan, Brian R. (2010). Manual therapy : NAGS, SNAGS, MWMS etc.. Wellington: Plane View</li><li>- Myers, Thomas W. (2010). Vías anatómicas : meridianos miofasciales para terapeutas manuales y del movimiento. Barcelona : Elsevier Masson</li><li>- Arnold G. Nelson, Jouko Kokkonen (2014). Anatomía de los estiramientos. Madrid: Tutor</li><li>- Kisner, Carolyn (2010). Ejercicio terapéutico: fundamentos y técnicas. Buenos Aires: Médica Panamericana,</li><li>- Bové, T (2011). El vendaje funcional. Barcelona: Elsevier</li></ul> <p>Astrom M., y Arvidson T. Alignment And Joint Motion In The Normal Foot. Journal Of Orthopaedic And Sports Physical Therapy 1995; 22 (5): 216-222 Bové, T. El vendaje funcional. 5ª ed. Barcelona: Elsevier; 2011. Castillo-Montes, F. J. Título Bases y aplicaciones del vendaje neuromuscular. Jaén: Formación Alcalá; 2012. Dueñas-Moscardó, L., Balasch-Bernat, M., y Espi-López, G. V. Técnicas y nuevas aplicaciones del vendaje neuromuscular. Sevilla: Lettera; 2010. Kendall, F.; Kendall, E., y Geise, P. Kendall's músculos, pruebas, funciones y dolor postural. 4º Ed. Ed. Marbán. Madrid: 2000. Kirby, K. A. Biomecánica del pie y la extremidad inferior. Payson: Precisión Intracast; 1997 (2012 imp.). McPoil, T. G., y Hunt, G. C. Evaluation and management of foot and ankle disorders?present problems and future-directions. Journal of Orthopaedic &amp; Sports Physical Therapy 1995; 21:381-8. Rueda-Sánchez, M. Podología: los desequilibrios del pie. Barcelona: Paidotribo; 2004 Martínez D. Cuidados del pie diabético. Madrid: Arán; 2001. Root M. L., Orien W. P., Weed J. H., Hugues, R. J. Exploración Biomecánica Del Pie. Vol. I. Madrid: Ortocen; 1991. Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria de la extremidad inferior. Barcelona: Masson; 1999</p>
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<p>Bonnel, .F, Toullec, E., Mabit, C., Tourné, Y. y Sofcot. Chronic ankle instability: biomechanics and pathomechanics of ligaments injury and associated lesions. <i>Orthop Traumatol Surg Res.</i> 2010; 96(4):424-32. Cleland, J. A., Mintken, P. E., McDevitt, A., Bieniek, M. L., Carpenter, K. J., Kulp, K., Whitman, J. M. Manual physical therapy and exercise versus supervised home exercise in the management of patients with inversion ankle sprain: a multicenter randomized clinical trial. <i>J Orthop Sports Phys Ther.</i>, 2013; 43(7):443-55. Golanó, P., Vega, J., de Leeuw, P. A., Malagelada, F., Manzanares, M. C., Götzens, V., van Dijk, C. N. Anatomy of the ankle ligaments: a pictorial essay. <i>Knee Surg Sports Traumatol Arthrosc.</i> 2010; 18(5):557-69. Kirby K. A. Subtalar joint axis location and rotational equilibrium theory of foot function. <i>J Am Podiatr Med Assoc.</i> 2001; 91(9): 465-87. Lemont, H., Ammirati, K. M., y Usen N. Plantar fasciitis: a degenerative process (fasciosis) without inflammation. <i>J Am Podiatr Med Assoc.</i> 2003; 93(3): 234-7. Levy-Benasuly, A. E., Cortés, J. M. Ortopodología y aparato locomotor ortopedia de pie y tobillo. Barcelona: Masson; 2003. Martos-Mora, C., Gentil-Fernández, J., Conejero-Casares, J. A., y Ramos-Moreno, R. Metatarso aducto congénito, clasificación clínica y actitud terapéutica. <i>Rehabilitación</i> 2012; 46(2): 127-134 Monaghan K, Delahunt E, Caulfield B. Ankle Function During Gait In Patients With Chronic Ankle Instability Compared To Controls. <i>Clin Biomech</i> 2006; 21(2): 168-74. Neumann DA. Ankle and foot. In: Neumann DAKinesiology of the musculoskeletal system: foundations for physical rehabilitation. 2nd ed. St. Louis (MO): Mosby; 2011. pp. 477-521. Nyska M, Shabat S, Simkin A, Neeb M, Matan Y, Mann G. Dynamic Force Distribution During Level Walking Under The Feet Of Patients With Cronic Ankle Instability. <i>Br J Sports Med</i> 2003; 37(6): 495-7. Ouzounian T. Reumatoid Arthritis of the Foot and Ankle. En: Myerson MS. Foot and Ankle Disorders. Vol. 2. Philadelphia: WB Saunders Company; 2000. p. 1189-1204. Pascual-Gutiérrez, R., Arnao-Rodríguez, M.C., Chinchilla-Villaescusa, P., López-Ros, P., y García-Campos, J. Criterios de selección de tratamiento en el síndrome de predislocación. <i>Rehabilitación</i> 2010; 44(4): 364-370. Pearce TJ, Buckley RE. Subtalar Joint Movement: Clinical and Computed Tomography Scan Correlation. <i>Foot &amp; Ankle International</i> 1999; 20 (7): 428-432. Radford, J. E., Landorf, K. B., Buchbinder, R., y Cook, C. Effectiveness of low-Dye taping for the short-term treatment of plantar heel pain: a randomised trial. <i>BMC Musculoskeletal Disorders</i> 2006, 7:64 Rees J.D., Wilson, A. M., Wolman, R. L. Current concepts in the management of tendon disorders. <i>Rheumatology (Oxford)</i>. 2006; 45(5): 508-21. Thomas, J. L., Christensen, J. C., y Kravitz, S. R., et al. The diagnosis and treatment of heel pain: a clinical practice guideline-revision 2010. <i>J Foot Ankle Surg</i> 2010; 49(3 Suppl):S1-19. Trojan T. H., y McKeag D. B. Single leg balance test to identify risk of ankle sprains. <i>Br J Sports Med</i> 2006; 40(7): 610-3. Yu G. V., Judge, M. S., Hudson, J. R., Seidelmann, F. E. Predislocation syndrome. Progressive subluxation/dislocation of the lesser metatarsophalangeal joint. <i>J Am Podiatr Med Assoc.</i> 2002; 92(4): 182-99.</p>
-----------------------------	---

#### Recomendaciones

##### Materias que se recomienda cursar previamente

Anatomía específica do membro inferior/750G02002

Biomecánica do membro inferior/750G02013

Podoloxía Física/750G02023

##### Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Prácticum 3/750G02035

Traballo de fin de grao/750G02036

##### Materias que continúan o temario

Traballo de fin de grao/750G02036

#### Observacións



Ao tratarse dunha materia que habitualmente cursan estudiantes de cuarto curso, recoméndase que se curse simultáneamente coa materia Prácticum 3, de forma que poidan aplicar novos coñecementos ao contexto clínico-asistencial.

**ADAPTACIÓN DE PRESENCIALIDADE Á SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA:** Todas as actividades presenciais realizaranse con asentos preasignados, con máscara, ventilación, non permitindo o consumo de alimentos e bebidas e asegurando que se cumplan as medidas de prevención e hixiene do centro establecidas e publicadas en: <https://udc.es/es/fep/coronavirus/>. No caso de que o grupo de docencia maxistral chegue a superar as indicacións do aforo da aula estableceranse grupos rotativos de docencia híbrida, onde os estudiantes que non caibán na aula seguirán esa semana a docencia de forma telemática e á seguinte de forma presencial, sendo outro grupo o que a realice de forma telemática, segundo planificación establecida polo docente da materia.

**Consideracións medioambientais:** **OBJECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE:** Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumplir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sostible ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de realizarse en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarse a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías